## Moitas veces desprézase neciamente o máis útil

Ad fontem cervus, cum bibisset, restitit
Et in liquore vidit effigiem suam.
Ibi dum ramosa mirans laudat cornua
Crurumque nimiam tenuitatem vituperat,
Venantum subito vocibus conterritus
Per campum fugere coepit et cursu levi
Canes elusit. Silva tum excepit ferum,
In qua retentis impeditus cornibus
Lacerari coepit morsibus saevis canum.

**Fedro, *Fabulae*, I, 12.**



*resisto, restiti:* deterse (3ª)
*liquor, -oris* (m.): líquido elemento, auga
*ramosa:* adxectivo de *cornua.*
*miror, miratus sum* (1ª depoñente): admirar.
*crur, cruris* (n.): pata, perna.
*venor, venatus sum* (1ª depoñente): cazar.
*conterreo, -ui, -itum:* asustar (3ª)
*eludo, -si, -sum:* esquivar, eludir, (3ª)
*excipio, -cepi, -ceptum:* recibir, acoller (3ª)
*ferus, -i* (m.): animal, fera.
*retineo, -ui, retentum:* aprisionar (2ª)
*impedio, -ivi, -itum:* deter (4ª). Refírese a *cervus*
*morsus, -us* (m.): mordisco, morso.

**Espazo para a tradución e análise sintáctico:**

## Exercicio 1: Morfoloxía

1. No texto, a palabra *vocibus* é ________________________________________ (categoría, caso, xénero, número e enunciado)
2. Analiza morfolóxicamente a palabra *bibisset*____________________________________ (categoría, persoa, número, tempo, modo, voz e enunciado).
3. Completa a seguinte definición: *Venantium* é unha forma non persoal ______________________ do _______________ (tempo) do verbo depoñente ___________________________ (enunciado). Está en _____________ ______________ __________________ (caso, número e xénero).
4. A palabra *canum* é:
    a. Acc. Sg. M.
    b. Nom. Sg. N.
    c. Gen. Pl. M.
5. Completa a seguinte definición: *Conterritus* é unha forma non persoal ______________________ do _______________ (tempo) do verbo ___________________________ (enunciado). Está en _____________ ______________ __________________ (caso, número e xénero).

## Exercicio 2: Cuestións sintácticas

6. Explica que tipo de oración introduce o *cum* de *cum bibisset* e en que consiste.
7. Que construcción é *venantium subito vocibus conterritus?* De que depende o participio *conterritus?*
8. Que función sintáctica realiza o sintagma *cursu levi*?
9. Que tipo de oración é *in qua (...) lacerari coepit morsibus saevis canum.* Cal é o antecedente do relativo *qua?*

## Exercicio 3: Literatura

**Di se estas afirmacións sobre Virxilio son verdadeiras (V) ou falsas (F)**

| | |
|---|---|
| 1. As *Bucólicas* son poemas adicados a cantar á agricultura e os traballos do campo. | |
| 2. As *Geórgicas* son composicións poéticas nas que os protagonistas son pastores. | |
| 3. Virxilio escribiu as *Bucólicas* a imitación de Horacio. | |
| 4. Virxilio adicou 5 anos a escribir a *Eneida.* | |
| 5. O máximo expoñente da poesía épica do século II a.C. é o poeta Virxilio. | |
| 6. Nas *Metamorfoses*, Virxilio se propuxo narrar as aventuras de Eneas. | |
| 7. Virxilio é o iniciador en Roma do xénero historiográfico. | |
| 8. Augusto e Escipión encargaron a *Eneida*. | |
| 9. Virxilio, antes de morrer, pediu aos seus amigos que queimaran a *Eneida* porque consideraba que non estaba rematada todavía. | |

**Di se estas afirmacións sobre a *Eneida* son verdadeiras (V) ou falsas (F)**

10. O heroe máis importante da *Eneida* é Ulises.
11. A *Eneida* está dividida en 6 cantos.
12. No libro II da *Eneida*, Eneas, o heroe troiano, chega ás costas de Cartago, onde é acollido pola raíña Lavinia.
13. Eneas, no libro VI, visita o inferno acompañado da Sibila de Cumas.
14. Na *Eneida*, o rei Latino ofrece a man da súa filla Lavinia a Eneas.
15. Despois da destrución de Troia, Eneas embarca coa súa esposa Creúsa, o seu fillo Ascanio e o seu pai Anquises..

## Exercicio 4: Locucións latinas

Completa os ocos en branco coa expresión latina máis adecuada para que as frases teñan sentido (sobran dúas):

| | | |
|---|---|---|
| *Alter ego* | *A posteriori* | *Ex professo* |
| *A priori* | *Urbi et orbi* | *In flagranti* |
| *Sine die* | *Sine qua non* | *In albis* |

1. A directora da oficina atrapou aos ladróns ______________ cando chegaba ao banco.
2. ____________________ o profesor parecía bo, pero _______________ vimos que non o era tanto.
3. Para poder votar na asemblea, é condición __________________ asistir desde o comezo.
4. Podes confiar en Pedro: é o meu ____________________.
5. Publicaron esta noticia ____________________; non se pode agochar máis.
6. Fun á mesma tenda ___________________ para mercar aqueles zapatos.

## Exercicio 5: Prefixos latinos

Indica que prefixo iría coas seguintes palabras e cal é o significado que aporta:

| | | |
|---|---|---|
| Abs- | De, des- | Infra- |
| Ad- | E-, ex- | Inter- |
| Circun- | Extra, extro- | Intra- |
| Com, con, co- | In, i, im- | |

1. _______puntual
2. _______ordinario
3. _______ciudadano
4. _______valación
5. _______muscular
6. _______juntar
7. _______tenerse
8. _______nacional
9. _______fenestrar
10. _______valorar.